
Poemas

CARLOS SOLLA

doente

rúbame
donaña leixapren
anque forzado
faima noso, muller
cicatrizada nos grafiti
das latrinas
sándame estaleiro
fálame
bótame aos teus zumes
tétano da pedra
choco
frouxo cardiograma
ata onde se perde a vista.

(De *Ollobecho en off*, 1990)

* * *

inercia

lamia pariu abrete paxaro
golpe roxo cabelo
no ombreiro das noites
femia aleitábao
supurando morcébrego
costro

(De *Ollobecho en off*, 1990)

* * *

sécome a ti
muller con neno
dentro
vaquiña
sécome a ti
e son mar
que te cobre
e moxe.

(De *Nai Furada*, 1997)

AUGAS PELANTES
(**esconxuro da queimada**)

augas devecen en ás
aleutas
gabearon en nós o relampo
menciña picañoa
cerne de nudez cerquiña
ou ermo
húmida
inza na tribo
a presenza

moe a garfela
cotelea o lume, gurgulla
a fonte *Sanabarrighas*
baila na punta do pé
o cunco cacharela

velái as bagañas de esquecer
xa todo un estalote

dacabalo da noite
(besta raxada)
oulean as gorxas
renxen as cambas
da lúa
ábrome a alma e deixándose
dexergamos o linde derradeiro.

(As Raposeiras, 1994)